

La Voz de Galicia

SANTIAGO

José Brea: «Abrimos unha nova vía para mellorar a memoria na doenza de alzhéimer»

O farmacéutico participou, con Mabel Loza, nun recente avance que tivo repercusión internacional



PACO RODRÍGUEZ

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ 09/08/2020 05:00 H

«É unha nova aproximación, na investigación con animais, para o tratamento do alzhéimer, iso explica a repercusión que tivo. Hai que avanzar máis para que se poda aplicar a persoas»: así sintetiza José Brea o impacto dun recente traballo, no que participou coa profesora Mabel Loza e que se difundiu como un avance para esta doenza. Brea é docente na Facultade

de Farmacia, investiga no Cimus e participa na empresa Oncostellae, unha tripla dimensión que non é habitual.

-En que consiste ese avance?

-Desde hai tempo é coñecido un compoñente inflamatorio no cerebro moi relacionado co alzhéimer, e identificamos unha nova diana farmacolóxica que pode diminuír esa inflamación cerebral e supón unha oportunidade para desenvolver novos fármacos. Neste traballo colaboramos varios anos con grupos da Universidade Autónoma de Barcelona, da Universidade de California-Davis e do Instituto de Investigacións Biomédicas de Barcelona.

-E que supón iso?

-O noso traballo tenta desenvolver novos compostos que inhiban unha enzima, a sEH. Investigamos con animais que presentaban unha variante de alzhéimer familiar, herdada, ou ligada ao envellecemento. Consequimos diminuír a inflamación no cerebro e outras melloras en máis marcadores característicos desa doenza, moi esperanzadores para poder validar un fármaco. E vimos que mellora a memoria. Así, abrimos unha nova vía para mellorar a memoria e outros avances na doenza de alzhéimer.

-É segura esa nova vía?

-Hai compostos desa mesma diana que están en fases de ensaios clínicos para outras patoloxías, como a dor neuropática; iso evidencia que é unha diana segura, pois xa se aplica en persoas.

-Por que é tan difícil conseguir avances para o alzhéimer?

-Porque é un proceso moi complexo, non se coñece a súa orixe, iso explica que non haxa un tratamento. O que se coñece é que a doenza comeza moito antes de que se detecten os seus síntomas; cando se diagnostica normalmente xa é tarde para actuar, pois xa hai un deterioro neuronal importante que se debe á inflamación e a un exceso de oxidación nas neuronas, que se chama estrés oxidativo, que fai que se deteriore, deixen de funcionar correctamente e morran. Ese proceso de momento non se consegue deter, aínda que si se pode conseguir unha mellora no deterioro neuronal e atrasar que progrese ese proceso.

-Este traballo supón que Galicia está consolidada no mapa global de innovación en fármacos?

-Si, estamos a crear un ecosistema de innovación en fármacos moi interesante, coa participación das universidades, a plataforma Innopharma ou a Fundación Kaertor en

Santiago, que están supoñendo un importante foco de atracción para investigar e descubrir fármacos.

-Hai resultados dese traballo, emerxerán empresas?

-Hai resultados, como o interese no programa I2D2, que implicou á multinacional farmacéutica Janssen. Os resultados das investigación que se aceleran en Galicia poden favorecer que se constitúan empresas ou atraer unidades mixtas para fortalecer o sistema, crear postos de traballo de alto nivel científico e robustecer a posición de Galicia.

-Como valora a súa experiencia en Oncostellae?

-Estou entre os promotores desa empresa, con varios socios máis, hai 5 anos. En Galicia xa había un alto nivel de coñecemento universitario en descubrimento de fármacos, e Oncostellae é unha nova contribución nese ámbito a nivel empresarial, pois está próxima a iniciar un estudo multicéntrico para a colite ulcerosa, e colabora con outras compañías galegas e con varios grupos académico nun avance para o cancro de colon, entre outros proxectos valiosos e de interese.

